

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

30 de xaneiro de 2026

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día trinta de xaneiro de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



1.8570.- ACTA ANTERIOR

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/cfM0U3ngpohE7aSH88rCwlz6lrO8FM34qi9zuGMPywqPev3N>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 26 de decembro de 2025.

a) Parte resolutiva:**2.8571.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO CORPORATIVO DE TELECOMUNICACIÓNS DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2026002667-2025052177-2025007270)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/8aXr6LboJ3G26NjM2jdzEinZaYun0qmyTIx3Z2BqshXjRNhx>

O Pleno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 31/07/2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación enviado para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 5 de agosto de 2025, e publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no DOUE con data 06/08/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11/09/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- Orange Espagne SAU (CIF A-82009812).



- UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración. O Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías emitiu informe de valoración dos criterios avaliables mediante xuízos de valor con CSV (IDUHX334CD7OAFUL).

A Mesa de Contratación, na súa sesión do día 03/07/2025 presta conformidade ás puntuacións acadadas en base ó citado informe, e procede á apertura electrónica do sobre “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas Orange Espagne SAU (CIF A-82009812) e UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) ao acadar ambas unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas, sendo os valores ofertados os indicados no certificado da mesa con CSV (25YGRD24CEQOR3MP).

Unha vez feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación acorda aprobar a clasificación das ofertas, que queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresas	Puntuación total
1ª	UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) - Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577)	83,39
2ª	Orange Espagne SAU (CIF A-82009812)	79,75

Así mesmo acorda propor ó órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-



78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Visto que o persoal técnico do Servizo de Contratación, con data 24/11/2025, comproba que as empresas Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) atópanse inscritas no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, cos números de inscrición 1163 e 1685 e a empresa Telefónica IoT & Big Data Tech, S.A.U. (A-78967577) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Ditos certificados de inscrición acreditan, a teor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a concorrencia da non prohibición de contratar e de atoparse ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así mesmo as citadas empresas acreditan estar rexistradas no Rexistro de Operadores de rede e servizos de comunicacións electrónicas da Comisión Nacional dos Mercados e da competencia.

Mediante Resolución Presidencial número 2025009520 a Presidencia por delegación do Pleno acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) presentou a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2025084517, de data 10/12/2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe total de 83.022,48 € (cartas de pago con



números de operación 12026000000543 por importe de 523,04 € e 12026000000544 por importe de 82.499,44 €).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do “Servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación de Pontevedra” á UTE Telefónica de España SAU (CIF A-82018474)- Telefónica Móviles España, SAU (A-78923125) -Telefónica IoT & Big Data Tech, SAU (A-78967577) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo total ofertado (sen IVE):

O prezo total é a suma de todos os servizos demandados no prego de prescricións técnicas incluídos os custos susceptibles de variación en función do tráfico consumido.



	Importe anual	Importe 4 anos
Prezo ofertado (sen IVE)	415.112,40 €	1.660.449,60 €
IVE (21%)	87.173,60 €	348.694,12 €
Prezo total ofertado (IVE engadido)	502.286,00 €	2.009.144,02 €

Os importes anuais ofertados por cada tipo de chamada segundo os consumos anuais estimados pola Deputación de Pontevedra son os seguintes:

CHAMADAS ANUAIS DE VOZ ORIXE FIXA			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	Segundos	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	85.000	9.000.000	1.214,19 €
Internacional	170	36.500	1.354,61 €
Chamadas 8XX/9XX	1.100	222.000	5.420,41 €
Móviles	180.000	25.500.000	6.588,47 €
CHAMADAS ANUAIS DE VOZ ORIXE MÓBIL			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	Segundos	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	250.000	35.000.000	9.090,00 €
Internacional	200	41.000	12,00 €
En itinerancia (emitidas e recibidas)	100	10.000	2.948,98 €
Chamadas 8XX/9XX	600	170.000	3.825,86 €
Resto	260	30.000	92,07 €
DATOS MÓBILES			
Tipo de tráfico	Nº chamadas	MegaBytes	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	130.000	10.200.000	46.548,00 €
En itinerancia	1.000	10.000	781,25 €
SMS			
Tipo de tráfico	Nº	-	Importe anual ofertado (sen IVE)
Nacional	500.000	-	10.000,00 €
Resto	100	-	49,00 €

2.- Bolsa económica ofertada para dispositivos:

	BOLSA ANUAL (Importe anual ofertado sen IVE)
Bolsa económica para adquisición de dispositivos	31.925,00 €

Esta bolsa económica está incluída no prezo total do contrato e empregárase para a adquisición a demanda da Deputación de Pontevedra de dispositivos segundo o especificado no apartado 6.- Adquisición de dispositivos do Prego de prescricións técnicas.

3.- Prezos unitarios ofertados:

Esta relación de prezos unitarios ofertados serán de aplicación para:



- As novas liñas ou servizos que poidan necesitarse adicionalmente durante o período de vixencia do contrato.
- A adquisición de teléfonos IP, auriculares, dispositivos móbiles, con cargo á bolsa económica ofertada.

Os licitadores cubrirán na táboa seguinte a columna importe ofertado sen IVE:

CONCEPTO				CUSTO MAX ANUAL (SEN IVE)	IMPORTE ANUAL OFERTADO SEN IVE		C _i
TELEFONÍA FIXA	Liña de voz individual			350,00 €	0,00 €		0,01
	Teléfono IP gama estándar*			300,00 €	143,02 €		0,07
	Teléfono IP gama avanzada*			400,00 €	244,40 €		0,07
	Auricular cableado monoaural*			110,00 €	91,76 €		0,08
	Auricular cableado biaural*			150,00 €	99,30 €		0,07
	Auricular inalámbrico monoaural*			200,00 €	159,63 €		0,08
	Auricular inalámbrico biaural*			230,00 €	174,72 €		0,07
IoT	Tarifa de datos IoT-Básico			15,00 €	4,80 €		0,02
	Tarifa de datos IoT-Estándar			132,00 €	36,00 €		0,02
	Tarifa de datos IoT-Prémium			280,00€	98,00 €		0,02
	APN privado adicional en modalidade A			1.310,00 €	0,00 €		0,01
	APN privado adicional en modalidade B			1.915,00 €	0,00 €		0,01
	APN privado adicional en modalidade C			1.000,00 €	0,00 €		0,01
REDE WAN (ACCESOS INTEGRADOS NA REDE PRIVADA	Tipo de liña	Velocidade					
		Baixada	Subida		% garantía		
	Fibra	≥10 Gbps	≥10 Gbps	23.200,00 €	100%	1.278,14 €	0,04



VIRTUAL)**	Fibra	≥1 Gbps	≥1 Gbps	6.800,00 €	100%	0,00 €	0,04
	Fibra	≥100 Mbps	≥100 Mbps	2.300,00 €	100%	0,00 €	0,05
	FTTH	≥600 Mbps	≥600 Mbps	2.400,00 €	≥80%	0,00 €	0,06
	Radioenlace	≥100 Mbps	≥100 Mbps	2.600,00 €	100%	2.600,00 €	0,02
	Acceso satélite	≥350 Mbps	≥40 Mbps	2.100,00 €	≥50%	2.100,00 €	0,01
	Acceso móvil 4G	-		660,00 €	0,00 €		0,01
ACCESO INTERNET	Tipo de liña	Velocidade					
		Baixada	Subida		% garantía		
	Fibra	≥10 Gbps	≥10 Gbps	21.500,00 €	≥100%	1.819,37 €	0,04
	Fibra	≥1 Gbps	≥1 Gbps	5.000,00 €	≥100%	0,00 €	0,04
	Fibra	≥100 Mbps	≥100 Mbps	1.600,00 €	≥100%	0,00 €	0,04
	FTTH	≥600 Mbps	≥600 Mbps	1.700,00 €	≥80%	0,00 €	0,04
	Radioenlace	≥100 Mbps	≥100 Mbps	1.980,00 €	≥100%	1.980,00 €	0,02
	Acceso satélite	≥350 Mbps	≥40 Mbps	1.450,00 €	≥50%	1.450,00 €	0,01
	Acceso móvil 4G	-		660,00 €	0,00 €		0,01
	Anti DDoS	Mitigación adicional			20.000,00 €	14.000,00 €	

* Prezo por unidade. Estes prezos restaranse da bolsa económica.

** O prezo ofertado para os accesos integrados na rede privada virtual incluírán o seu correspondente respaldo.

O prazo de duración do contrato é de 4 anos contados desde a finalización da fase de implantación.

Previamente ao comezo do prazo de duración do contrato ou fase de operación a empresa adxudataria deberá levar a cabo, as seguintes actuacións preparatorias:

- Fase de inicio: A empresa deberá presentar a memoria do proxecto definitivo nun prazo máximo de 30 días desde a sinatura do contrato.



- Fase de implantación: A empresa deberá levar a cabo a migración, instalación, configuración e posta en marcha dos circuitos e o equipamento de cada unha das sedes así como a realización das probas de aceptación pertinentes.

Esta fase iniciárase na data de presentación da memoria do proxecto definitiva e terá unha duración máxima de 180 días.

Unha vez concluídas as actuacións incluídas nestas fases preparatorias, coa aceptación da Deputación, de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescricións técnicas, iniciárase a fase de operación, tras a sinatura dunha acta de recepción entre a empresa e a Deputación de Pontevedra que suporá o inicio da fase de operación ou duración do contrato.

Prevese a posibilidade de una prórroga de 1 ano de duración.

Financiamento: O contrato será financiado con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Añualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2027	27/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2028	28/926.9260. 222.00	502.286,00 €
2029	29/926.9260. 222.00	502.286,00 €
TOTAL		2.009.144,00 €

Os importes correspondentes ás anualidades futuras quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente.



A distribución do financiamento por anualidades poderá sufrir variacións en función da data de inicio da fase de operación unha vez finalizada a fase de implantación.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago do contrato efectuarase cunha periodicidade mensual por mes vencido, iniciándose os pagos co inicio da fase de operación e contra a presentación das correspondentes facturas mensuais unha vez conformadas pola Deputación de Pontevedra.

Presentarase unha única factura mensual que incluírá todos os servizos e mantemento incluídos e detallados no prego de prescricións técnicas por un importe fixo mensual proporcional ao importe total de adxudicación do contrato. (Prezo de adxudicación/48 meses) podendo variar unicamente no caso de que se tivese aprobado unha modificación do contrato.

Ademais, o adxudicatario deberá observar estritamente o seguinte prazo de presentación da facturación.

A facturación mensual correspondente ao tráfico do mes anterior presentarase antes do día 15 do mes inmediatamente posterior e o detalle de tráfico deberá estar en poder da Deputación como moi tarde o día 5 dese mes.

O sistema de facturación terá formato de importe fixo mensual concertado. A empresa adxudicataria deberá proporcionar facturacións detalladas, en formato de arquivo dixital, de todos os servizos que incluírá o máximo nivel de detalle posible. Os datos deberán estar nun formato aberto tratable informáticamente e poderán ser procesados posteriormente polos técnicos da Deputación de Pontevedra independentemente das ferramentas de proceso que proporcione o adxudicatario. No caso de que o detalle proveña de diferentes fontes, a empresa adxudicataria deberá proporcionar ferramentas que permitan unha integración sinxela das mesmas.

A Deputación de Pontevedra poderá solicitar a corrección ou aclaración de calquera dúbida acerca da facturación, o que deterá a xeración da factura. O adxudicatario deberá resolver as cuestións expostas antes dos prazos marcados nos apartados “Acordos de nivel de servizo (ANS)” do prego de



prescricións técnicas.

Unha vez resoltas todas as cuestións a Deputación dispoñerá de novo de 10 días para a avaliación das correccións propostas.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025007270	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: o/a Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá á súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

3.8572.- **APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN DA CONTORNA HISTÓRICA DE SAN MARTIÑO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MOAÑA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 3.8370 DE 07/03/2025, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (EXPTES. 2024076249-2026003983)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/U9AZZS0GdWmDuAuFyY15irRZqNxOh7H7sXlg1kujVCCbcUwg>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 7 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga”.



Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “(...) Os concellos, en atención á súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente”.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Moaña, con destino á execución da actuación denominada “Humanización da contorna histórica de San Martiño”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- O custo total da actuación ascendía a 1.274.486,10€ e a subvención concedida é de 900.000,00€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 374.486,10€.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025004358 de 27/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moaña, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 28/07/2025.
- Mediante o acordo núm. 6.35494 de data 31/07/2025 (corrixido mediante o acordo núm. 8.35604 de data 12/09/2025), a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1-Investmentos, acordou a concesión dunha subvención por importe de 184.064,48€ ao concello, co obxecto do financiamento de parte da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, do investimento “Humanización da Contorna Histórica de San Martiño” (expediente: 2025021115).
- Na data 06/09/2025 o Concello de Moaña presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025063194) un proxecto reformulado do proxecto inicial, e na data 19/11/2025 (núm. rexistro WEB2025079917) o concello presenta a acta de trazado previo, unha certificación do acordo de aprobación do proxecto técnico reformulado, unha memoria explicativa dos cambios solicitados para supervisión do proxecto do Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación de Pontevedra, as diferentes resolucións de autorización sectorial de Patrimonio e un informe técnico acerca da innecesidade de solicitar unha nova autorización sectorial a Patrimonio. As variacións entre ambos proxectos débense á corrección de erros previos e ó axuste dalgunhas actuacións, no que o orzamento



- diminúese a 1.268.711,39€. Estas variacións comprenden a corrección dos datos representados nos planos, a eliminación de partidas de medición e valor nulo, eliminación no orzamento dun poste de 9 metros cun foco proxector, así como redución do número dos elementos de iluminación.
- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 21/11/2025 (CSV: Q09J3CQJ7ZZFTF56).
 - Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 01/12/2025 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, sen prexuízo de que os membros da comisión consideran necesario requirir ao concello un informe xustificativo sobre os motivos da redución do número de luminarias.
 - Na data 04/12/2025 (núm. rexistro WEB2025083455) o Concello de Moaña presenta informe dos redactores do proxecto en contestación ao requirimento efectuado pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra. Na mesma data apórtase informe técnico municipal avalando o expresado no informe dos redactores do proxecto.
 - Na data 05/12/2025 o enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe aclaratorio sobre o requirimento efectuado pola Comisión de persoas expertas na sesión de data 01/12/2025 (CSV: GSARDL51WSQZ7YZN).
 - Emítese requirimento técnico de data 05/12/2025 (CSV: DJJZK2U4400D9BIO), que foi contestado os días 11/12/2025 e 19/12/2025 (núms. rexistro WEB2025085052 e WEB2025086518, respectivamente).
 - O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe complementario de supervisión do proxecto o 30/12/2025 (CSV: G5BDAJCMHHM8AZGU).
 - Na sesión da Comisión de persoas expertas de data 14/01/2026 dáse conta das contestacións aos requirimentos efectuados, e conclúese que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
 - O 16/01/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente



o expediente (CSV: T0Y9CRLA9SKV72QA).

- Na data 20/01/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir (CSV: RC5W5R1NS64CR0Q5).
- Na data 20/01/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: VYMPS0LG4F2H66NJ).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 23/01/2026 (CSV: JYANTHCPUX8397N1).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria–Plan Extra.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Moaña para a execución da actuación denominada “Humanización da contorna histórica de San Martiño” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou



resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 17ª da convocatoria, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Moaña para a execución da actuación denominada “Humanización da contorna histórica de San Martiño”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.



O novo orzamento diminúe en 5.774,71€ ata o importe de 1.268.711,39€, manténdose invariable o importe da subvención concedida e modificándose a achega do concello, que diminúe ata a cantidade de 368.711,39€.

A Comisión de persoas expertas do Plan Extra informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concede a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acolidas no Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrência competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto técnico da actuación “Humanización da contorna histórica de San Martiño” presentado polo Concello de Moaña ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- Modificar o acordo plenario núm. 3.8370, do 07/03/2025, de concesión de subvención ao Concello de Moaña para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA	ACHEGA CONCELLO
1.268.711,39€	900.000,00€	368.711,39€

- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Moaña, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



4.8573.- **APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN
AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA
DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA O
DESENVOLVEMENTO DUNHA
ADMINISTRACIÓN DIXITAL (EXPTE. 2026001005)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/RbrNQh9iCvrH0Ot42ori6XOPqVA9aRf8EblATOt9qWv7gH6S>

Vista a memoria xustificativa de 13 de xaneiro de 2026 da Xefatura do Servizo de Novas Tecnoloxías conformada polo Deputado delegado de Novas Tecnoloxías e Contratación, sobre incoación do procedemento para a aprobación da adhesión da Deputación de Pontevedra ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dunha administración dixital.

Consta no expediente informe favorable de Secretaría de data 20 de xaneiro de 2026 e dilixencia de conformidade de Intervención, de data 20 de xaneiro de 2026.

A Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) veñen impulsando, desde hai máis dunha década, distintos marcos de colaboración en materia de administración electrónica e dixital. En particular, no ano 2013 subscribiuse un primeiro convenio orientado á prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, que foi actualizado e ampliado mediante un novo convenio asinado no ano 2018, dirixido á consolidación e extensión destes servizos ás entidades locais galegas que se prorrogou a través de distintas addendas ata o 31 de decembro de 2024.

Este novo convenio de colaboración para o desenvolvemento dunha administración dixital dá continuidade a esta traxectoria, incorporando un enfoque aliñado coa Estratexia Dixital de Galicia 2030 (EDG 2030) promovendo unha acción coordinada das Administracións públicas galegas no ámbito dixital.



Resulta de especial interese para a Deputación de Pontevedra o acceso á infraestrutura tecnolóxica, servizos comúns e solucións dixitais orientadas a acadar unha Administración pública coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable.

Tendo en conta a natureza institucional do convenio e a súa duración plurianual, a competencia para a aprobación da adhesión corresponde ao Pleno da Deputación, de conformidade co réxime xeral de distribución de competencias establecido na lexislación de réxime local, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Proxectos Europeos, Modernización Tecnolóxica, Administrativa e Axenda Dixital acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a adhesión da Deputación de Pontevedra ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dunha administración dixital, co seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A Federación GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL”

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Diego Calvo Pouso, Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril (Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente, así como o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, D. Julián Cerviño Iglesia, Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante AMTEGA), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, (DOG núm. 167, do 2 de setembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a AMTEGA e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.



Doutra parte, D. Alberto Varela Paz, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46.1º b) dos vixentes Estatutos da FEGAMP (aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro. - A Xunta de Galicia e as Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (en diante, Entidades Locais), teñen acadado un importante avance na posta en marcha de servizos dixitais tanto para a relación coa cidadanía, como para o seu funcionamento interno e para as relacións interadministrativas.

Segundo. - Entre as competencias que, no referente ás relacións coas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, está a de colaboración e cooperación, podendo levar a cabo mediante a subscripción de convenios. Os instrumentos de colaboración entre a administración autonómica e local, están consolidados en diferentes ámbitos de desenvolvemento dixital.

Terceiro.- Correspóndelle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entre outras, as atribucións relativas á xestión do Portal da Administración Local de Galicia (Eidolocal), así como o fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Cuarto. - A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA). Esta creación fíxose efectiva a través do Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro.

Segundo o disposto no dito decreto a AMTEGA ten entre as súas atribucións, entre outras, o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e á súa aplicación para a modernización,



innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Corresponde tamén á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma; o deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma; así como a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

Quinto. - A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do Sector Público Autonómico de Galicia, sinala que a contratación centralizada efectuarase a través do departamento que acorde o Consello da Xunta de Galicia por proposta da comisión interdepartamental regulada no seu artigo 20. Asemade, o artigo 20.5 da lei permite que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poidan adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración. A relación de subministracións, obras, servizos e outras prestacións, que serán susceptibles de contratación centralizada fíxose pública a través da Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2015). En particular, o Anexo II recolle os supostos nos que a AMTEGA pode actuar como departamento da contratación centralizada.

Sexto. - A Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos ten entre os seus fins a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Sétimo. - Segundo o artigo 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo



fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, en particular:

- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.
- b) Participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma e co Estado.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais o artigo 36.1 da Lei 7/1985 inclúe a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior aos 20.000 habitantes.

Oitavo. - O artigo 25.1.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, enumera entre as competencias propias dos concellos a promoción no termo municipal da participación dos cidadáns do uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicación.

Noveno. - O día 13 de xullo de 2010 a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica en Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 9 de xullo de 2018. Continuando esta liña de colaboración, o día 12 de novembro de 2018 a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un novo convenio de colaboración para o desenvolvemento da Administración electrónica na comunidade autónoma de Galicia, prorrogándose a través de distintas addendas ao convenio ata o 31 de decembro de 2024, e ao que agora se pretende dar continuidade a través dun novo convenio de colaboración, no que ademais dos servizos incluídos en convenios anteriores se inclúan novos ámbitos de colaboración atendendo ás situacións e posibilidades de desenvolvemento de servizos dixitais, ou de xestión de recursos dixitais.

Décimo. - Este novo marco de colaboración xurde nun contexto estratéxico que ten que dar resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeiro.- No ámbito autonómico a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia recolle no seu artigo 3, sobre os fins da dita lei, a cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade. Esta cooperación prestará especial atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio.

Igualmente no artigo 128 sobre a cooperación e colaboración con outros organismos, establece o impulso das relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración. Segundo o dito artigo 128 a Administración Xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público



autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración e a cooperación co resto das administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, as técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación a todos os niveis.

Décimo segundo.- A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) é a folla de ruta da Xunta de Galicia para potenciar o aproveitamento das tecnoloxías dixitais para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento rexional, e por tanto, asegurará o aliñamento, a coordinación e a complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas Administracións no territorio.

Décimo terceiro.- A EGD2030 impulsa o desenvolvemento dun “Goberno e Administración Intelixente”, que ten como obxectivo consolidar unha administración dixital máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos e baixo un enfoque centrado na cidadanía. Para o desenvolvemento e consolidación da Administración dixital e o enfoque centrado na cidadanía as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos que cómpre seguir para levala a cabo, co fin de que o nivel de servizo chegue por igual a toda a cidadanía. A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, coordina recursos e sistemas dixitais que poden contribuír ao desenvolvemento dixital.

Décimo cuarto.- No contexto da dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto. Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da AMTEGA), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

Décimo quinto.- A Xunta de Galicia está a impulsar unha estratexia do dato como elemento fundamental no desenvolvemento dos servizos dixitais das administracións públicas, datos gobernados e compartidos, que permitan dispor dun mellor coñecemento do territorio, dos procesos e do funcionamento dos servizos, e todo iso para desenvolver novos servizos dixitais máis avanzados, e adaptados aos obxectivos das administracións e da súa relación coa cidadanía. Para acadar estes obxectivos será especialmente relevante a compartición de datos entre as administracións públicas situadas no territorio galego.

Décimo sexto.- Ademais para a implantación dunha auténtica relación dixital das



administracións públicas galegas na súa relación coa cidadanía é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso a servizos e medios habilitantes de servizos dixitais. E neste modelo tamén é preciso posibilitar a interacción coa Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, a Xunta de Galicia, asume tamén a coordinación coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento e posta a disposición das administracións públicas galegas servizos e sistemas promovidos ou xestionados pola propia Administración Xeral do Estado. Así, nos últimos anos, formalizou diferentes convenios para o impulso da Administración electrónica, considerando a posibilidade de adhesión para as Entidades Locais.

En concreto o día 31 de outubro de 2013, o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, a utilización de sistemas de firma electrónica avanzada e as comunicacións entre administracións públicas por medios electrónicos. Este convenio substitúese polo “Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital”, asinado o 18 de febreiro de 2025, para o que é necesario establecer unha nova adhesión por parte das Entidades Locais.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a toda a cidadanía, é de interese de todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica; a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o apoio ao desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Para levar a cabo esta colaboración, mediante este convenio a a Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, e a FEGAMP acordan:

- a) A posta a disposición das entidades locais de Galicia de infraestruturas tecnolóxicas e



servizos comúns que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar os esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito. Esta actividade prestacional da AMTEGA realizarase nas condicións indicadas na cláusula segunda deste convenio, e poderá levarse a cabo de xeito directo ou mediante contratacións ou encargos a medios propios.

b) A adhesión das entidades locais que así o desexen ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a AMTEGA pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

Segunda.- Catálogo de servizos. Infraestruturas e servizos postos a disposición.

No Anexo I a este convenio recóllense os elementos do “Catálogo de servizos” que se poñen a disposición das entidades locais xunto coa súa modalidade de utilización, así como os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais e a determinación do seu ámbito de utilización.

O “Catálogo de servizos” recollido no Anexo I é o identificado no momento da sinatura do convenio. Mediante addenda a este convenio poderanse incluír novos elementos ou modificar as modalidades de uso.

O “Catálogo de servizos” estará dispoñible e permanentemente actualizado no portal eidolocal.gal, xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requirimentos previos de uso e os posibles custos de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel.

Terceira.- Adhesión ao convenio.

As entidades locais de Galicia poderán solicitar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración pública. A efectividade das adhesións quedará condicionada á obtención da conformidade por parte da Comisión de Seguimento deste convenio.

Con relación ás solucións incluídas no “Catálogo de servizos”, considerarase vixente a adhesión das entidades locais ao convenio precedente, a non ser que de xeito expreso manifesten o contrario.

Así mesmo, as entidades locais que se adhiran ao convenio poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordos marco celebrados por AMTEGA, que inclúan no seu alcance ás entidades locais de Galicia.

Cuarta.- Utilización do “Catálogo de servizos”.

Os servizos incluídos no catálogo estarán a disposición das entidades locais de Galicia adheridas a este convenio. No portal eidolocal.gal publicaranse os procedementos para a



solicitude e configuración de uso. A modificación dos servizos do catálogo levarase a cabo mediante addenda, segundo o indicado na cláusula segunda.

No catálogo indicaranse aqueles servizos que, polas súas características, requiren da sinatura dun acordo de uso específico no que se regulen as condicións concretas da súa prestación, así como os asinantes requiridos do mesmo. Nos acordos anteditos figurarán as obrigas e responsabilidades que asumen cada unha das partes asinantes.

Quinta.- Contratos baseados en acordos marco.

A adhesión ao presente convenio habilita tamén a adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a AMTEGA pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

A adhesión ao sistema de contratación centralizada realízase por motivos de eficacia e eficiencia na xestión competencial dos organismos asinantes e sen prexuízo en todo caso da totalidade das competencias das entidades locais, de acordo coa normativa vixente.

En virtude do disposto neste convenio, as entidades locais que se adhiran ao convenio de acordo co establecido na cláusula terceira poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados no acordo marco celebrados por AMTEGA, que inclúan no seu alcance ás entidades locais de Galicia.

Sexta.- Obrigas comúns.

Para impulsar a Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e de lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométese formalmente a:

- Fomentar a implantación e o desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.
- Promover a utilización, a cesión, a transferencia e a compartición de plataformas dixitais, así como, en xeral, de sistemas, de aplicacións ou de software de titularidade pública sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.
- Asumir a dirección, organización e xestión dos traballos que corresponden en atención ao seu ámbito competencial.



Sétima.- Compromisos da Xunta de Galicia.

Coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, porá a disposición das entidades locais adheridas ao presente convenio as solucións incluídas no “Catálogo de servizos”. Con carácter xeral, a Xunta de Galicia comprométese a:

- Posta a disposición das entidades locais de Galicia dos sistemas, solucións tecnolóxicas e infraestruturas previstas no “Catálogo de servizos”, conforme ás especificacións e condicións de uso descritas na documentación específica de cada unha delas.
- Garantir a continuidade na prestación das solucións tecnolóxicas de administración electrónica incluídas no presente convenio, asegurando a escalabilidade, robustez, dispoñibilidade, integridade e confidencialidade e seguridade da información.
- Proporcionar ás entidades locais de Galicia a documentación técnica necesaria para a posta en marcha e administración das solucións tecnolóxicas que se prestan no marco deste convenio recollendo, cando sexa necesario, a información legal, administrativa e técnica precisa para a utilización das mesmas por parte das entidades locais, así como calquera outra información que deba ser coñecida por estas para a prestación dos correspondentes servizos.
- Manter actualizado o “Catálogo de servizos” que será publicado no Portal das Entidades Locais de Galicia, eidolocal.gal, segundo se describe neste convenio. A modificación dos servizos do catálogo poderá realizarse mediante addenda.
- Asesorar ás entidades locais de Galicia no acceso e uso das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio e levar a cabo as actuacións de formación necesarias para garantir o seu correcto uso por parte das Entidades Locais de Galicia.
- Potenciar o portal de internet “Eidolocal” (www.eidolocal.gal) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia.
- En relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, cuxa competencia corresponde á AMTEGA, esta comprométese a:
- Garantir, con carácter xeral, a dispoñibilidade dos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, mentres este manteña a súa vixencia e baixo as condicións establecidas nos correspondentes acordos marco que lle dean soporte.
- De ser o caso, incorporar ás entidades locais dentro das entidades adheridas aos acordos marco correspondentes. Neste senso, e de resultar preciso, tramitará a modificación do alcance dos ditos acordos marco, para deixar constancia da inclusión das entidades locais no seu obxecto, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

Oitava.- Compromisos da FEGAMP

A Federación Galega de Municipios e Provincias asume no marco deste convenio as seguintes obrigas:



- Colaborar coa Xunta de Galicia no análise de situación da evolución da administración dixital e a identificación de oportunidades de colaboración neste ámbito.
- Trasladar ás entidades locais de Galicia este convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.
- Difundir entre as entidades locais de Galicia as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se derive, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.
- Levar a cabo a intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.
- Representar, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo segunda, os intereses das entidades locais que se poidan adherir ao convenio.

Novena.- Compromisos das entidades locais adheridas.

Sen prexuízo das restantes obrigas que figuren nos correspondentes acordos de adhesión, con carácter xeral, as entidades locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométense a:

- Facer un uso axeitado das solucións tecnolóxicas e dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presente segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes.
- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións incluídas no presente convenio, segundo se describen na documentación específica de cada unha delas.
- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa entidade, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións do presente convenio que desexen utilizar.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica e os servizos e solucións a utilizar.
- Doutra banda e en relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, a entidade local adherida comprométese a:
 - Respetar as condicións de contratación establecidas nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como a facer un uso axeitado dos servizos obxecto dos contratos derivados que poida asinar coas entidades adxudicatarias dos acordos marco tramitados pola AMTEGA.
 - Comunicarlle á AMTEGA os contratos que de ser o caso promova baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.
 - Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
 - Asumir todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos derivados baseados nos acordos marco nos que se concrete esa



contratación centralizada, quedando exonerada a AMTEGA de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba a entidade local.

- Colaborar coa AMTEGA en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por ela promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

Décima.- Colaboración das Deputacións Provinciais.

As Deputacións Provinciais poderán colaborar ou subrogarse nas obrigas correspondentes aos concellos de menos de 20.000 habitantes do seu ámbito territorial derivadas deste convenio e dos acordos de uso que regulen as condicións específicas da prestación de servizos incluídos no mesmo. Esta colaboración deberá formalizarse expresamente mediante acordo entre as deputacións e os concellos respectivos, debendo dar conta do mesmo á Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Soporte, formación e difusión.

A AMTEGA realizará as actividades de soporte ás entidades locais adheridas das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica.

Do mesmo xeito, colaborará coas ditas entidades locais na difusión cara ás propias entidades, á cidadanía ou a outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio.

A formación do persoal das entidades asinantes do presente convenio poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido nel, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou persoa en quen delegue.
- Un funcionario/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.
- A Presidencia da Comisión de Seguimento corresponderá alternativamente e por períodos dun ano ás persoas titulares da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Dirección Xeral de Administración Local, respectivamente.
- A Secretaría da Comisión de Seguimento será desempeñada por un funcionario/a designado/a pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- A Comisión de Seguimento reunirse a proposta de calquera dos seus membros. O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:



- A conformidade da adhesión das entidades locais a este convenio.
- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- A aprobación das propostas de modificación do “Catálogo de servizos” que deberán incluírse na addenda que se tramite ao efecto.
- A aprobación das normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- Será de aplicación á Comisión de Seguimento o réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia. O funcionamento da Comisión de Seguimento fomentará o uso de medios dixitais nas actuacións de coordinación e seguimento, podendo realizarse as súas sesións de xeito dixital, con reunións e sinatura de acordos sincrónicos ou asíncrónicos.

Décimo terceira.- Duración do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a adhesión da entidade local a acordos marco concretos, dentro do sistema de contratación centralizada, extinguirase cando estes finalicen a súa vixencia, sen que iso lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.

Décimo cuarta.- Modificación, denuncia e causas de resolución.

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente addenda.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Acordo unánime do tódolos asinantes.
- Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.

Décimo quinta.- Financiamento.

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á extensión da administración dixital mediante o financiamento, con cargo aos seus propios orzamentos, respectivamente, da realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio, nos termos da cláusula



décimo sexta deste convenio.

A adhesión ao presente convenio non comporta obrigas económicas adicionais para ningunha das partes asinantes.

Décimo sexta.- Condicións económicas específicas das solucións incluídas no "Catálogo de servizos".

Dentro das condicións específicas de cada unha das solucións incluídas no "Catálogo de servizos" determinarase a contribución económica de cada unha das distintas administracións para garantir a súa mellor prestación á cidadanía. Neste senso, as solucións tecnolóxicas incluídas no "Catálogo de servizos" poderán ser:

- a) Gratuítas: solucións tecnolóxicas que poderán ser utilizadas polas Entidades Locais de Galicia para a extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia.
- b) Cota fixa: solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia e a entidade local de que se trate, na proporción que se determine no correspondente instrumento de adhesión.
- c) Por uso: solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia, correspondendo á entidade local de que se trate o financiamento correspondente ao incremento dos custos de mantemento derivados do uso que se faga do mesmo no seu ámbito territorial, e que se determinará no correspondente instrumento de adhesión.

Coa finalidade de facer efectiva a contribución da entidade local prevista nas letras b) e c), no posterior acordo concreto de prestación do servizo acordaranse os termos específicos.

Décimo sétima. - Protección de datos.

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Décimo oitava. - Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e Xunta de Galicia ou a AMTEGA.

Décimo novena. – Publicidade.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno e no Decreto 126/2006, do



20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e Bo Goberno ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Vixésima.- Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

En especial, o convenio queda suxeito ao capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen expoñerse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e na data da sinatura dixital.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes	O Director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias
D. Diego Calvo Pouso	D. Julián Cerviño Iglesia	D. Alberto Varela Paz

ANEXO I - CATÁLOGO DE SERVIZOS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL.

Neste anexo recóllense a título orientativo un inventario do contido do “Catálogo de servizos do Convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica”, no momento da sinatura do convenio. No portal Eidolocal estará publicado e permanentemente actualizado o catálogo xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requisitos de uso de cada un dos servizos, así como a información relativa ás novas solucións tecnolóxicas que se poidan incorporar nun futuro.

No “Catálogo de servizos do Convenio de colaboración para o desenvolvemento da administración electrónica” distínguense as seguintes categorías:



A.	Servizos dixitais da Xunta de Galicia.
B.	Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
C.	Datos e territorio.

Adicionalmente, inclúese neste catálogo a necesidade, para a utilización dalgúns dos servizos, da adhesión ao “Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital” asinado o 18 de febreiro de 2025. Este convenio, publicado no portal Eidolocal, da continuidade ao anterior, habilita o acceso a diversos servizos dixitais promovidos pola Administración Xeral do Estado e especifica as obrigas para o seu uso pero require, tal e como establecen os seus termos, unha nova adhesión expresa.

A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, coordinará o proceso de adhesión por parte das entidades locais interesadas.

A. SERVICIOS DIXITAIS DA XUNTA DE GALICIA.

En función das condicións e situación das aplicacións ou sistemas, estes poderán poñerse a dispor en diversas modalidades: reutilización da aplicación, posta a dispor do seu uso, utilización compartida e aquelas outras que en cada momento poidan resultar de interese. Na publicación detallada do catálogo identificaranse as modalidades dispoñibles para cada caso:

a) Conexión á rede corporativa da Xunta de Galicia.

A rede de telecomunicacións corporativa da Xunta de Galicia proporciona servizos de datos, internet, telefonía fixa e telefonía móbil aos diferentes organismos, e posibilita a súa conexión coa rede SARA.

Cada entidade local poderá solicitar un máximo de dúas liñas de datos de forma gratuíta.

b) Conexión á rede SARA.

A Rede SARA (Sistema de Aplicaciones y Pedes para las Administraciones) é un conxunto de infraestruturas de comunicacións e servizos básicos que conecta as redes das Administracións Públicas Españolas facilitando o intercambio seguro de información e o acceso a servizos compartidos.

Esta Rede permite a calquera Administración Pública conectada prover servizos ou utilizar os que poñen á súa disposición outras Administracións Públicas.

c) Rexistro — SIR.

Rexistro E/S da Xunta de Galicia (AIRES). Actualmente, AIRES está integrada co Sistema de Inerconexión de Rexistros (SIR).

d) Chave365.

Chave365 é o sistema que permite á cidadanía maior de idade e aos/as menores emancipados/as identificarse e asinar documentos na sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante un código único, para cada operación, que se recibe no teléfono móbil, sen necesidade de usar certificados dixitais nin DNI electrónico. Calquera



- entidade local pode solicitar ser Oficina de rexistro de usuarios de Chave 365.
- e) Notifica.gal.
Sistema de Notificación de Galicia, Notifica.gal é o servizo que permite, por unha banda, aos/as cidadáns/as, empresas e administracións públicas galegas recibir de forma áxil e sinxela notificacións electrónicas das administracións públicas galegas e por outra banda, permite ao persoal das administracións públicas, que dispoñan deste servizo, realizar o envío e xestión das notificacións á cidadanía e a outras administracións.
Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.
- f) Plataforma de intermediación de datos e documentos PasaXel.
A plataforma de intermediación PasaXel, como nodo de interoperabilidade, presta funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e o resto das administracións públicas. O intercambio realízase nunhas condicións tales que garanten a seguridade da información e a protección dos datos persoais que se transmitan, proporcionando medidas para a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza daqueles.
O Catálogo de servizos de interoperabilidade inclúe todos os servizos de consulta de datos e documentos accesibles a través da plataforma, así como as súas condicións de acceso.
- g) Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos.
Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) permite ás persoas físicas e xurídicas outorgar poderes a outros/as cidadáns/as ou entidades para actuar no seu nome nas relacións ante as administracións públicas. Pódese outorgar un apoderamento de maneira presencial a través das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou tamén de forma telemática.
Require adhesión ao acordo de uso do servizo dispoñible.
- h) Plataforma de contratos de Galicia.
Punto de acceso á información publicada por todos os perfís dos órganos de contratación do sector público galego, incluídas as entidades locais. Unha entidade local pode manter os datos do seu perfil como contratante, publicar e xestionar os seus procedementos de contratación na plataforma de Contratos Públicos de Galicia. A plataforma atópase na actualidade interconectada coa Plataforma de Contratación do Sector Público de xeito que as licitacións anunciadas nela pódense visibilizar a nivel estatal facilitando a concorrência e acceso ás licitacións das pequenas e medianas empresas.
- i) Plataforma de licitación electrónica Síex.
A plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia permite a creación de expedientes, presentación de ofertas e celebración das mesas de contratación.
- j) SEF, sistema de facturación electrónica.
Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas de Galicia que permite a presentación telemática de facturas, a xestión e seguimento dos estados de tramitación para a simplificación de trámites de facturación e o aforro de custos a administracións e empresas así como os intercambios de información necesarios



cos Sistemas Económicos- Financeiros das entidades.

k) Servizos de certificación dixital.

A Xunta de Galicia xestionará un contrato cunha autoridade de certificación coa finalidade de ofrecer certificados dixitais e servizos que permitan aos organismos e entidades públicas galegas asinar os documentos que forman parte dos procedementos que se tramitan de xeito telemático e identificarse ante a cidadanía nas relacións por canles telemáticas.

l) Sistema de tradución automatizada Gaio (Integración).

Posibilidade de integración co sistema de tradución automática da Xunta de Galicia que realiza a tradución automática de textos, documentos e páxinas web e permite facer traducións entre galego e castelán en ambos sentidos, ao igual que entre galego e portugués.

B. SERVICIOS ESPECIALIZADOS EN SEGURIDADE DA INFORMACIÓN, CIBERSEGURIDADE, PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS E SOLUCIÓNS CLOUD.

No proceso de dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da AMTEGA, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto.

Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da AMTEGA), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais:	Servizo de visibilidade do nivel de ciberseguridade das organizacións.
	Monitorización, análise e xestión continua de vulnerabilidades.
	Ciberexercicios como adestramento en materia de ciberseguridade.
	Actividades de formación, concienciación e talento, vídeos formativos e actividades para a promoción e retención do talento.
	Organización de eventos en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.
	Servizo de xestión de eventos e información de seguridade.



	Servizo de monitorización mediante sonda do tráfico da rede e servizo de protección de rede mediante cortalumes de nova xeración.
	Monitorización de eventos e xestión de incidentes de seguridade.
	Consultoría de alta especialización.
	Servizo de vixilancia dixital ou ciberintelixencia no ámbito da seguridade TIC.
	Calquera outros servizos ou infraestruturas de seguridade que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.
Servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades:	IaaS (infraestrutura como servizo).
	PaaS (plataforma como servizo).
	SaaS (software como servizo).
	Calquera outra modalidade de servizos Cloud ou unha combinación das mesmas que a Xunta de Galicia considere preciso pór a dispor das entidades locais.

C. DATOS E TERRITORIO.

Un dos eixos estratéxicos a desenvolver na Estratexia Dixital 2030 é o eixe E4.Territorio Intelixente, verde e resiliente, onde por parte da AMTEGA contéplase a posta en marcha da Plataforma Galicia Territorio Intelixente, que consolidará nunha base cartográfica única toda a información en tempo real xerada a través das redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos.

O obxectivo principal desta estratexia é gañar soberanía dixital e aproveitar e adaptar as tecnoloxías disruptivas, como o Internet das Cousas (IoT) para consolidar unha administración dixital, máis eficaz e eficiente, que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos.

Nesta nova fase, xa non só debemos dotar o territorio para conectar ás persoas, senón tamén para conectar dispositivos e sensores e xestionar en tempo real e con tecnoloxías intelixentes todos os datos que nos proporcionen.

a) Rede ICousas

A Rede Galega de Internet das Cousas (iCousas), é unha rede de comunicación IoT para a autoprestación de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade para xestionar máis de 300.000 sensores e que cubre máis do 70% do territorio galego. Está formada por máis de 300 puntos de acceso que poden captar e enviar información a dispositivos IoT, así como unha plataforma que xestiona e procesa a información captada polos ditos dispositivos e os elementos que integran a rede de acceso. Os puntos de acceso da rede instaláronse nos centros de telecomunicación titularidade da Xunta de Galicia



xestionados por Retegal distribuídos por toda a xeografía galega e outras infraestruturas públicas, con foco no ámbito rural.

As redes IoT poden proporcionar información relevante do territorio nos diferentes eidos xestionados por parte das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a xestión, optimizar a toma de decisións e posibilitar a capacidade de monitorización do territorio. En definitiva, esta tecnoloxía é unha ferramenta fundamental no proceso de dixitalización do medio rural, facilitando a mellora da competitividade e calidade de vida, a cohesión do territorio e a fixación de poboación no rural.

A Xunta de Galicia, por medio da AMTEGA, pon a disposición das entidades locais a rede iCousas, que proporciona servizos de conectividade a dispositivos e sensores IoT, e o acceso aos datos captados polos sensores distribuídos polo territorio a través dunha plataforma que facilita a xestión e acceso a información proporcionada polos sensores.

A modalidade de uso dos servizos será de adhesión a un encargo co pago dunha cota por sensor para cada un dos servizos proporcionados, en base ás tarifas definidas no correspondente instrumento de adhesión.

Os servizos proporcionados pola rede iCousas son:

Servizos de conectividade IoT	Servizo de conectividade(€/ano/sensor), en función do tráfico cursado.
Servizos de acceso á plataforma	Servizo de acceso á plataforma (€/ano/sensor).
Servizos de mantemento dos Sensores	Visita para mantemento preventivo (€/sensor).
	Visita para mantemento correctivo (€/sensor).

A adquisición dos sensores IoT e a súa instalación e mantemento, así como a personalización de acceso á información ou a extensión de cobertura en interiores e/ou onde non chega a rede, poderá realizarse mediante instrumentos como, no seu caso, addendas que a propia AMTEGA podería facer á encomenda da xestión e mantemento da Rede Galega de Internet das Cousas. Cada proxecto levará asociado o seu modelo de negocio, para a definición das tarifas, custos e investimentos asociados.

ANEXO II - ADHESIÓN DA (DEPUTACIÓN PROVINCIAL/ ENTIDADE LOCAL / ...) AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

ASINADO o dd/mm/aaaa

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Deputación Provincial / Entidade Local / ...),



DECLARA:

Que o (órgano competente) da (Deputación Provincial / Entidade Local) acordou, con data ... de ... de 202_, solicitar a adhesión ao Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha Administración dixital.

MANIFESTA:

A vontade da (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) de adherirse formal e expresamente ao convenio, en virtude das previsións contidas no clausulado do mesmo, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas as súas cláusulas.

(Lugar, data e firma)

ANEXO III

CONFORMIDADE DA ADHESIÓN DA (DEPUTACIÓN PROVINCIAL / ENTIDADE LOCAL / ...) AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL

ASINADO o dd/mm/aaaa

Don/Dona ---, director/a da Dirección Xeral de Administración Local, e Don/Dona ..., director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, en razón dos termos establecidos no Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento dunha Administración Dixital, asinado en data ... de ... de 202_.

CERTIFICAN QUE

- A (Deputación Provincial / Entidade Local / ...) manifestou a súa vontade de adherirse mediante escrito firmado en data ... de ... de 202_.
- Acordouse dar conformidade á solicitude de adhesión formulada pola (Deputación Provincial / Entidade Local / ...).

O que se certifica en ..., a ... de ... de 202_.

O/A Director/a Xeral de Administración Local.

O/A Director/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia”.

Segundo.-Modificar o acordo do Pleno da Corporación Provincial do 27 de febreiro de 2015, no que se recolle a adhesión ao sistema de contratación



centralizada estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda no sentido da súa exclusividade no uso, facendo agora posible o uso de diferentes sistemas ou plataformas de contratación.

Ante a diversidade de plataformas existentes na actualidade deberase establecer unha prelación das canles adecuadas para realizar unha determinada contratación (Central compras estatal, central compras autonómica ou ben optar por un procedemento aberto) baseándose ou atendendo a un criterio técnico fundamentado do servizo de Novas Tecnoloxías para determinar a tramitación máis axeitada en cada momento.

A modificación deste acordo plenario garda unha estrita relación cos obxectivos do convenio, e así se reflexa na memoria xustificativa e no informe da Secretaría Xeral, facendo constar que a adhesión da Deputación de Pontevedra ao sistema de contratación centralizada da Administración Xeral do Estado foi aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2015, o que reforza a idoneidade de que sexa novamente o órgano plenario quen adopte o acordo de adhesión no presente caso.

5.8574.- **ACTUALIZACIÓN A 1 DE XANEIRO DE 2026 DO CATÁLOGO DE ESTRADAS TITULARIDADE DA DEPUTACIÓN (EXPTE. 2026001025)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/70ED5VFQKorIk5bYK07Rc4BqmdwsqW6VYpfme6QqUSFYiyl5>

Antecedentes.

1.- O Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 31 de xaneiro de 2025, aprobou a actualización do Catálogo de estradas da rede provincial da Deputación de Pontevedra a 1 de xaneiro de 2025.

2.- Durante o ano 2025, formalizáronse e publicáronse no BOPPO actas de entrega a distintos concellos de viais ou treitos dos mesmos logo de executarse neles obras de mellora. Ademais como resultado de recentes medicións topográficas en varias estradas producíronse lixeiras variacións nas lonxitudes totais das mesmas.



A 1 de xaneiro de 2026, a lonxitude total da rede provincial de estradas é de 1.650 quilómetros e 672 metros, incluíndo os treitos antigos dos distintos viais.

Consideracións.

1ª Lexislación aplicable

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.
- Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

2ª Actualización preceptiva.

O Catálogo de Estradas é un rexistro público administrativo que debe ser actualizado permanentemente. A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o seu regulamento establecen nos seus artigos 10.4 e 21, respectivamente, que as entidades locais aprobarán os catálogos de estradas da súa titularidade, así como as respectivas modificacións e actualizacións posteriores.

3ª O director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais informou, en data 9 de xaneiro de 2026, sobre as variacións producidas ao longo de 2025 (con CSV: XLUT61RJ1Y7HL5P4). No antedito informe relaciónanse as seguintes modificacións:

1).- Transferencias de Viais

- EP-1301 Alto da Portela-Beluso: Transferíronse 440 metros do treito intermedio da estrada e 100 metros do treito final. A estrada discorre na súa totalidade polo Concello de Bueu.
- EP-5002 A Cañiza-Mourentán: Transferiuse ao Concello da Cañiza un treito antigo de 330 metros lineais.



- EP-5102 A Lamosa–A Franqueira–As Achas: Transferiuse ao Concello da Cañiza un treito antigo de 151 metros lineais.
- EP-9305 Coirón–Ribadumia-Leiro: Transferiuse ao Concello de Ribadumia un treito antigo de 358 metros lineais.
- EP-9505 Ramal da Igrexa de Barrantes: Transferiuse ao Concello de Ribadumia un treito antigo de 317 metros lineais.
- EP-9506 Barrantes–Vilariño: Transferiuse ao Concello de Ribadumia un treito antigo de 305 metros lineais.

2).- Correccións de lonxitudes de viais

- EP-8401 Portela–O Souto de Vea: Pasa de 6.778 a 6.749 metros de lonxitude total, xa que o entronque do inicio do vial foi asumido polo Ministerio de Fomento.

4ª Procedemento.

De acordo co disposto no artigo 47.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local a aprobación da actualización e modificación dos Catálogos de Estradas corresponde ao Pleno por maioría simple.

Segundo dispón o artigo 21.3 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, o acordo que se adopte deberase comunicar á Consellería competente, para os efectos de coordinación do sistema viario da Comunidade Autónoma.

Polo que antecede, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar a actualización do Catálogo de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra a 1 de xaneiro de 2026 conforme ao documento técnico asinado polo Director de Infraestruturas e Vías Provincias que consta no expediente co CSV: XLUT61RJ1Y7HL5P4.

O Catálogo estará a disposición pública na Sede Electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra.



Segundo. Comunicarlle este acordo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de Estradas de Galicia.

Terceiro. Ordenar a publicación do presente acordo no BOPPO e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial de Pontevedra.

6.8575.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) DE SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA QUE FLEXIBILICE E ADAPTE AS OBRIGAS ESTABLECIDAS NO REGULAMENTO EUROPEO DE CONTROL DA PESCA Á REALIDADE OPERATIVA DA NOSA FROTA LITORAL E ARTESANAL (EXPTE. 2026003249)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/XJDYUvx1tazVu0wOEvnGY6lYeugcM56elHdXSCnyDnUDj8Ct>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para que flexibilice e adapte as obrigas establecidas no Regulamento Europeo de Control da Pesca á realidade operativa da nosa frota litoral e artesanal, cuxo texto é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O coñecido como Regulamento de Control Pesqueiro (Regulamento CE n.º 1224/2009, modificado polo Regulamento UE 2023/2842) establece novas obrigas en materia de seguimento, notificación electrónica, localización e trazabilidade dixital da actividade da frota, plenamente esixibles desde o pasado 10 de xaneiro de 2026.

Desde o PP Provincial de Pontevedra temos detectado que o novo e estrito marco normativo está a xerar gran malestar, especialmente entre a frota pesqueira artesanal, que opera no litoral e zonas máis próximas á costa, xa que



introduce obrigas desproporcionadas que non atenden á realidade e características da actividade que desenvolve este sector.

A falta de preparación, planificación e adaptación normativa, administrativa e tecnolóxica por parte do Goberno de España -máis en particular do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación- deriva en graves consecuencias, entre as que se atopan as seguintes:

- Que numerosas embarcacións de pequena eslora non dispoñan dos equipamentos electrónicos necesarios para cumprir as novas obrigas.
- Que unha parte significativa do sector quede exposta a sancións por incumprimentos derivados non dunha mala praxe profesional, senón da inexistencia de medios axeitados.
- Que se produza un colapso administrativo pola implantación precipitada de sistemas dixitais complexos.
- Que as comunidades pesqueiras máis vulnerables sufran os maiores impactos ao non poder asumir nin os custos nin as dificultades técnicas da adaptación.

O PP Provincial entende que estas circunstancias supoñen un risco real para a continuidade da actividade da nosa frota pesqueira, para a seguridade xurídica do sector e para a igualdade competitiva respecto das frotas doutros Estados membros.

Entre os aspectos que máis preocupación están a xerar no sector pesqueiro galego destacan, entre outros, os seguintes:

- A implantación do sistema de seguimento electrónico (ERS – diario electrónico de bordo) para todos os buques de eslora igual ou superior a 12 metros. No caso dos buques de menos de 12 metros, a súa aplicación é progresiva, podendo o Estado membro atrasala ata 2028 xustificase a inexistencia de dispositivos axeitados para embarcacións de pequena eslora.
- O rexistro electrónico de capturas (caderno dixital de pesca) obrigatorio para os buques de máis de 12 metros, e condicionado nos de menos de 12 metros á dispoñibilidade de medios técnicos determinados polo Estado membro.
- A notificación previa de entrada en porto, incluído o aviso previo para o desembarque, cun prazo que pode oscilar entre unha e catro horas segundo



o tipo de pesqueira e de porto. Esta obriga afecta a todos os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando leven capturas de especies con obriga de desembarque ou suxeitas a TACs.

- A declaración de desembarque electrónica, obrigatoria para os buques de máis de 12 metros e, no caso dos de menos de 12 metros, cando descarguen especies suxeitas a cota ou cando así o determine o Estado membro.
- A trazabilidade dixital obrigatoria desde a primeira venda ata o destino final, que obriga tamén ás embarcacións de menos de 12 metros a facilitar información dixital das capturas, o que supón unha dificultade engadida para pequenos barcos sen conectividade suficiente.
- A posta en marcha do sistema CATCH, relativo á certificación dixital das importacións fronte á pesca (INDNR), que debe estar plenamente operativo neste mes de xaneiro para evitar un colapso administrativo.
- O peso obrigatorio das capturas antes da primeira venda, con posibles excepcións para buques menores de 12 metros, segundo a especie e o destino de comercialización.
- O reforzo do control da pesca recreativa, mediante rexistro e declaración electrónica para especies suxeitas a TACs ou con obriga de desembarque, especialmente atún vermello, peixe espada e túnidos tropicais, con impacto directo nas confrarías e nas comunidades costeiras galegas onde conviven a pesca profesional e a recreativa.

Con todo, hai unha realidade que os actuais responsables ministeriais e do Goberno de España parecen ocultar ou, polo menos, non están aproveitando nos seus xustos termos, como é o feito de que o propio Regulamento europeo prevé a necesidade de aplicar as novas obrigas de forma proporcionada, permitindo aos Estados membros da Unión Europea (UE) -entre eles, España- introducir flexibilidades cando iso non comprometa a eficacia do control.

Desde o PP Provincial lembramos que no noso país unha parte moi significativa da frota opera no litoral, en zonas moi próximas á costa, con mareas de curta duración e desembarques frecuentes nos mesmos portos, polo que requerimos a flexibilización destas obrigas. Así mesmo, a frota artesanal caracterízase por ser multiespecífica, capturando un elevado número de especies en cantidades reducidas, moitas delas sen relevancia desde o punto de vista da xestión de cotas ou do impacto biolóxico. Ningunha destas



características serviu para que o Goberno de España adoptase medidas de adaptación ou flexibilización das novas obrigas, pese a que a normativa europea así o permite.

Cómpre en consecuencia evitar que se consoliden factores que dificulten aínda máis a xa de por si difícil actividade pesqueira da frota galega ou que xere unha carga administrativa desproporcionada para este segmento da frota, sen que iso achegue un valor engadido significativo ao control pesqueiro. Esta situación afecta negativamente á viabilidade económica das distintas pesquerías, á seguridade na mar e ao mantemento do tecido social e produtivo das zonas costeiras.

Convén lembrar, ademais, que tanto as Cortes Xerais como o Parlamento de Galicia, diversos concellos, confrarías e múltiples organizacións pesqueiras xa trasladaron estas mesmas demandas, requirindo ao Goberno de España a analizar e impulsar as medidas de flexibilización, exencións e simplificacións xa previstas no Regulamento. Estas iniciativas contaron co respaldo maioritario dos grupos políticos, incluído, curiosamente o do PSOE, que forma parte do mesmo Goberno de España que permanece totalmente pasivo ante as demandas do sector.

De feito, a pesar de devandito mandato, ata a data non se produciu ningún avance efectivo nin se adoptaron medidas concretas para trasladar á práctica as posibilidades de adaptación que ofrece a normativa europea, manténdose unha aplicación ríxida do réxime de control que o propio regulamento permite modular.

Por todo iso, resulta necesario reiterar esta demanda instando ao Goberno de España a abandonar a súa posición de pasividade e oídos xordos ante as demandas do sector, e requirirlle con total contundencia que faga uso efectivo das posibilidades que ofrece a normativa europea para aplicar un réxime de control máis flexible e adaptado á realidade operativa da frota litoral e artesanal, contribuíndo así á súa sustentabilidade económica e social e ao cumprimento equilibrado dos obxectivos da Política Pesqueira Común.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:



PROPOSTA DE ACORDOS

1. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a aplicar a flexibilidade prevista no Regulamento Europeo de Control da Pesca en materia de notificación previa de chegada a porto, excluindo do prazo de preaviso a aqueles buques pesqueiros que operan habitualmente en zonas próximas á costa do litoral español, sempre que non se vexa afectada a capacidade de control e inspección.
2. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a establecer, para a frota artesanal multiespecífica que opera no litoral, un réxime simplificado de rexistro de capturas, que permita excluír da obriga de consignación individualizada a aquelas especies cuxa captura sexa inferior a un limiar mínimo, como 50 quilogramos, por marea, sen prexuízo do rexistro completo das especies principais.
3. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a definir criterios obxectivos e transparentes (tipo de frota, proximidade ao porto, duración da marea, carácter multiespecífico da pesqueira, entre outros) para a aplicación destas medidas de flexibilidade, garantindo en todo momento a rastrexabilidade global das capturas e o cumprimento da normativa de control.
4. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a impulsar, no ámbito da Unión Europea (UE), unha interpretación harmonizada ou unha adaptación normativa do réxime de control que teña en conta as características da pesca artesanal multiespecífica, evitando cargas administrativas desproporcionadas e favorecendo a sustentabilidade social e económica do sector.
5. Instar ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a facer unha análise que detalle a situación real do sector pesqueiro respecto ao grao de implantación dos sistemas electrónicos de seguimento, notificación e trazabilidade esixidos polo Regulamento Europeo de Control da Pesca, identificando de maneira específica os segmentos da frota, especialmente a da pesca costeira artesanal, que non están en condicións de cumprir as novas obrigas.
6. Así mesmo, darase conta do presente acordo, en caso de adoptarse polo pleno da Deputación, aos grupos parlamentarios con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.”

7.8576.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO
POPULAR (PP) DE APOIO E DEFENSA DO SECTOR**



AGROGANDEIRO (EXPTE. 2026003247)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/SnvFGIDN5GdNKMeMWJ4GVQVkJE5IMyAXo8HXE7YU6wnGsXqE4>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de apoio e defensa do sector agrogandeiro, cuxo texto é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea (UE) e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España e que tamén se están a celebrar en Galicia. Desde o Grupo Popular na provincia de Pontevedra defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario co obxectivo de que todo produto foráneo que chegue á nosa comunidade cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializalos no mercado. Desde o PP Provincial entendemos que non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos a recibir, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran moitas dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Por iso, cremos que a esixencia destas cláusulas debería defenderse con moita máis firmeza por parte do Goberno de España dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. A maiores, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno



central para garantir o cumprimento das citadas esixencias de calidade dos distintos produtos.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores, que tamén compartimos, céntrase nas peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común (PAC), especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. Para o PP Provincial é absolutamente imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa, na que o sector agrogandeiro é estratéxico e conta cun importante peso específico.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Manifestar o apoio explícito ao sector primario galego na defensa dos seus intereses ante o acordo entre a Unión Europea (UE) e os países do Mercosur.
2. Esixir ao Goberno de España que protexa o sector primario, defenda as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea (UE) e o Mercosur ante posibles ameazas e garanta e intensifique os controis de fronteira co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares de calidade, sanidade e benestar animal que os esixidos na Unión Europea.
3. Instar á Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno central estas peticións e a seguir intensificando as medidas de apoio ao sector primario, especialmente no ámbito da sanidade animal, a prevención de enfermidades, as compensacións por perdas e o control da fauna salvaxe que afecta ás explotacións.
4. Facer unha fronte común desde Galicia para reclamar unha nova Política Agraria Común (PAC) con fondos suficientes e diferenciados, que permita



asegurar as axudas directas a gandeiros e agricultores para promover a remuda xeracional e, ao mesmo tempo, asegurar un adecuado desenvolvemento rural.”

8.8577.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO (EXPTE. 2026003225)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Vjm4zG9YfaoXY4JjGtTFh3ttVOqexl0OctOIQzjcnhpt7qg>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e do PSdeG-PSOE e cos votos a favor do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego.

9.8578.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA, Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AO CONCELLO DE SANXENXO A GARANTIR A CONTINUIDADE, ESTABILIDADE E MELLORA DO SERVIZO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL CON BASE EN SANXENXO**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/TjdWAhat0YP5UpwyUvPyIz4fGtOMwhgjd4FDdCbJmOgvoVom>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda por maioría de votos en contra do PP, e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e ao Concello de Sanxenxo a garantir a continuidade, estabilidade e mellora do Servizo de Emerxencias supramunicipal con base en Sanxenxo.



10.8579.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A CREACIÓN DUN PROGRAMA DE APOIO AO COMERCIO LOCAL EN TODOS OS CONCELLOS DA PROVINCIA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/hGvrZWu0YHUVQhWgHiIXYWj4ujpBnHaa6HGDtFKRAsJqdLfX>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Promoción Económica, Impulso e Formación para o Emprego, acorda por maioría de votos en contra do PP, e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a creación dun programa de apoio ao comercio local en todos os concellos da provincia.

11.8580.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/9mvZRpILDuOKHsvcd1BvNhWlc4aORqYG3RH6xiy0Ae2GZcX>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

12.8581.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2025 (EXPTES. 2026002672 – 2026001293)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/8o885Wi5hyqWybf9tndlrRZ5f5SXZR Y1wrcTwQ79cvmA4Ch3>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de



decembro de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 13 de xaneiro de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza-Tabeirós correspondente ao mes de decembro de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DECEMBRO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Decembro	14,0000000000	5.627.339,09	29,0200000000	330.135,36	14,8323381240
Escola de Enfermería	Decembro	1,3100000000	12.865,06	0,0000000000	0,00	1,3100000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Decembro	6,8200000000	77.015,66	0,0000000000	0,00	6,8200000000



Consortio Deza-Tabeirós	Decembro	14,8200000000	32.214,98	0,0000000000	0,00	14,8200000000
TOTAL			5.749.434,79		330.135,36	14,7021580861

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financieira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de decembro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

13.8582.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O CUMPRIMENTO DURANTE O 4º TRIMESTRE DE 2025 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2026002674 – 2026001339)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1Z3OY5SFBYm3dRx4qZ55iCuvygoxJgCcL04XSNrP7raXPRgs>

A Intervención elaborou un informe sobre o cumprimento durante o 4º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na



Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 14 de xaneiro de 2026, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 4º trimestre de 2025, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2025

1. Con referencia á data de conformidade da factura

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	14	4.489	16.462.978,42 €	87	1.076.978,73 €
Escola de Enfermería	2	13	17.644,86 €	0	0,00 €
Consorcio Provincial	5	185	194.477,07 €	1	328,78 €
Consorcio Deza e Tabeirós	11	89	50.552,38 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendiente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº	Importe total	Nº	Importe Total



		operacións		operacións	
Deputación de Pontevedra	29	41	214.360,21 €	9	115.775,15 €
Escola de Enfermería	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0	0,00 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	1	260.445,17 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base os cálculos detallados neste informe podemos concluír que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 23 de xaneiro de 2026 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre de 2025.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza-Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o cuarto trimestre de 2025.

14.8583.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/FNX3GX04WSj5f4FyYY3mlzpwk7vX5Piwvl5loe3u0wMXSodI>

Queda enterado o Pleno das seguintes:



- a) Relación de extractos de Resolucíons Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de decembro de 2025.
- b) Relación de extractos de Resolucíons do ORAL do mes de decembro de 2025.

15.8584.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://deputacion.seneca.tv:443/s/gbaktMVxPeTof9ByKVouRNXPLFc0jiEdtS4fUji2lGICzYhA>

Sr. Presidente.- Punto número 15, Rogos e preguntas. Ten a palabra o deputado socialista Javier Iglesias Mougán.

Sr. Iglesias Mougán.- Gracias, Presidente. A pregunta é se comparte o goberno da Deputación de Pontevedra a posición manifestada publicamente polo Partido Popular da Illa de Arousa de opoñerse á intención do Concello de adquirir cando saia a subasta, neste caso a través do Plan Nacional sobre Drogas, a vivenda incautada a Marcial Dorado para destinala a usos sociais, tendo en conta que se trata dunha iniciativa de recuperación dun ben procedente do narcotráfico para o interese público que ademais conta con precedentes no propio Concello da Illa de Arousa. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Ten pregunta o deputado socialista Gregorio Luis Agís Gómez.

Sr. Agís Gómez.- Si, temos aquí unha vez máis, ós veciños de Pazos, que en pleno temporal recorren 35 quilómetros para acá e 35 para alá, para que non se lle escoite, unha vez máis seguen esperando. Por certo, da fase 2 nada se sabe.

Sr. Presidente.- Cal é a pregunta?

Sr. Agís Gómez.- A pregunta é, por favor, póñanse a traballar, é un rogo, póñanse a traballar e resolvan dunha vez por todas a problemática que ten este Concello. E sería tamén recomendable que se decide cortar os



micrófonos, como está facendo, o faga tamén co seu grupo.

Sr. Presidente.- A ver, o de poñerse a traballar ¿era unha pregunta que se facía a sí mesmo?, porque vostede foi deputado de Infraestruturas aquí e non houbo ningún avance en Pazos de Borbén ata que chegamos nós. Polo tanto, no Regulamento non está contemplado, pero auto preguntas non son permitidas neste Pleno. ¿Algunha máis?. Ten a palabra Ana Laura Iglesias González.

Sra. Iglesias González.- Grazas Presidente. Rogamos que cando faga intervencións o Sr. Presidente no Pleno como a que acaba de facer, sexa correcto coa información que dá, porque acaba de mentirlles aos veciños e veciñas de Pazos dicindo que o anterior goberno provincial non fixo nada, nomeadamente ao señor Agís, cando realmente, e vostede ben sabe, que quen tivo isto parado foi o alcalde do Partido Popular que gobernou ...

Sr. Presidente.- Ós feitos me remito, onde as máquinas van a chegar, pois o rogo, límitese, xa queda contemplado, concrete, ¿cal é o rogo?, ¿cal é o rogo? A ver, creo que para exemplo, mira, para exemplo xa foron os de antes, a ver, non queiramos coller o mesmo patrón, non son un exemplo. Faga o rogo.

Sra. Iglesias González.- ¿Xa podo volver a empezar?, porque creo que quedou bastante claro, pero senón me corta o micrófono fágolle o rogo.

Sr. Presidente.- Claro, vostede o dixo. ¿Máis preguntas ou rogos?

Sra. Iglesias González.- Grazas, o rogo é que lle pedimos e lle rogamos ó Sr. Presidente que cando tome a palabra non lle minta aos veciños que están aquí e veciñas presentes dicindo, como dixo, que o anterior goberno non fixo nada, cando vostede sabe perfectamente que quen tivo esa obra paralizada foi o anterior alcalde do Partido Popular. Non minta cando tome a palabra. Gracias.

Sr. Presidente.- Oito anos na Deputación dun goberno bipartito, casualidade ou non, cando hai un goberno do Partido Popular van a comezar as obras na carretera de Pazos de Borbén. ¿Máis preguntas, máis rogos?. Pois, bueno, damos por pechada esta sesión. Moi bos días a todos.



E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e vinte e un minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 30 de xaneiro de 2026 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 30-xaneiro-2026”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 - 529a6cb7a9d21aca5d95752ee3f117494132a5a217a06c6dfe2111fad73cba7059d68a26e39bd2bc947b1792bad4f716fbdce6a046afb87f77d87cdd948da711 xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa: <https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=ZDVkYjI4NmUtNDBjMS00YzQ4LTkzNDctNTI4MTg3NDY1ZjU3>

- Minutaxe -----

00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor; Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo, Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo; Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez, María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge; Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka; Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea, María; Mosquera Lorenzo, César; Lomba Rodríguez, Beatriz.

00:09:41 - López Diéguez, Luis

00:09:43 : 1. Aprobación do borrador da acta da anterior sesión ordinaria de



26 de decembro 2026.

- 00:10:06 : 2. Adxudicación do procedemento aberto para a contratación do servizo corporativo de telecomunicacións da Deputación (Exptes 2026002667- 2025052177-2025007270)
- 00:10:20 - Cubela López, Jorge
- 00:11:58 - López Diéguez, Luis
- 00:12:18 : 3. Aprobación do proxecto técnico da actuación “Humanización da Contorna Histórica de San Martiño” presentado polo Concello de Moaña ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra e a modificación do acordo do Pleno núm. 3.8370 de 07/03/2025, de concesión de subvención (Exptes. 2024076249-2026003983).
- 00:12:45 : 4. Aprobación da adhesión da Deputación ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento dunha administración dixital (Expte. 2026001005).
- 00:13:01 : 5. Actualización a 1 de xaneiro de 2026 do Catálogo de Estradas titularidade da Deputación (Expte. 2026001025).
- 00:13:14 - Cubela López, Jorge
- 00:14:23 - López Diéguez, Luis
- 00:14:44 : 6. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de solicitude ao Goberno de España para que flexibilice e adapte as obrigas establecidas no regulamento europeo de control da pesca á realidade operativa da nosa frota litoral e artesanal (Expte. 2026003249).
- 00:15:06 - Ramallo Vázquez, María Pilar
- 00:19:50 - López Diéguez, Luis
- 00:19:56 - Lomba Rodríguez, Beatriz
- 00:24:32 - López Diéguez, Luis
- 00:24:40 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:29:59 - López Diéguez, Luis
- 00:30:09 - Ramallo Vázquez, María Pilar
- 00:33:49 - López Diéguez, Luis
- 00:34:03 - Lomba Rodríguez, Beatriz
- 00:35:21 - López Diéguez, Luis
- 00:35:28 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:38:37 - López Diéguez, Luis
- 00:38:43 - Ramallo Vázquez, María Pilar
- 00:41:25 - López Diéguez, Luis
- 00:41:53 - López Diéguez, Luis



00:42:24 : 7. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) de apoio e defensa do sector agrogandeiro (Expte. 2026003247).

00:42:34 - Cubela López, Jorge
00:46:19 - López Diéguez, Luis
00:46:27 - Rodríguez Pumar, María Manuela
00:51:44 - López Diéguez, Luis
00:51:59 - Rivas Gómez, Digna Rosa
00:56:56 - López Diéguez, Luis
00:57:03 - Cubela López, Jorge
00:59:57 - López Diéguez, Luis
01:00:03 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:03:31 - López Diéguez, Luis
01:03:37 - Rivas Gómez, Digna Rosa
01:06:45 - López Diéguez, Luis

01:07:55 : 8. Moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) de apoio ás reivindicacións do sector agrogandeiro galego (Expte. 2026003225).

01:08:21 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:12:00 - López Diéguez, Luis
01:12:57 - Rivas Gómez, Digna Rosa
01:17:57 - López Diéguez, Luis
01:18:03 - Cubela López, Jorge
01:22:37 - López Diéguez, Luis
01:22:43 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:25:58 - López Diéguez, Luis
01:26:11 - Rivas Gómez, Digna Rosa
01:28:40 - López Diéguez, Luis
01:28:55 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:31:05 - López Diéguez, Luis

01:31:35 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para instar á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e ao Concello de Sanxenxo a garantir a continuidade, estabilidade e mellora do Servizo de Emerxencias Supramunicipal con base en Sanxenxo (Expte. 2026003987).

01:31:57 - Iglesias González, Ana Laura
01:36:40 - López Diéguez, Luis
01:36:48 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:41:59 - López Diéguez, Luis
01:42:08 - López Diéguez, Luis
01:42:15 - Cubela López, Jorge
01:46:08 - López Diéguez, Luis
01:46:14 - Iglesias González, Ana Laura
01:49:22 - Iglesias González, Ana Laura



- 01:49:27 - López Diéguez, Luis
01:49:34 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:53:00 - López Diéguez, Luis
01:53:07 - Cubela López, Jorge
01:56:04 - López Diéguez, Luis
01:56:40 - López Diéguez, Luis
01:56:49 - López Diéguez, Luis
01:58:07 - Iglesias González, Ana Laura
02:00:18 - López Diéguez, Luis
- 02:00:44 : 10. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para
esixir da Deputación a creación dun Programa de apoio ao comercio
local en todos os concellos da provincia (Expte. 2026003631).
- 02:00:54 - Gómez Prado, Carlos
02:04:51 - López Diéguez, Luis
02:05:05 - Mosquera Lorenzo, César
02:05:15 - López Diéguez, Luis
02:05:20 - Mosquera Lorenzo, César
02:05:35 - López Diéguez, Luis
02:05:43 - Cubela López, Jorge
02:09:55 - López Diéguez, Luis
02:10:00 - Gómez Prado, Carlos
02:13:14 - López Diéguez, Luis
02:13:17 - Cubela López, Jorge
02:15:04 - López Diéguez, Luis
02:15:14 - Gómez Prado, Carlos
02:17:19 - López Diéguez, Luis
02:17:25 - López Diéguez, Luis
- 02:17:36 : 11. Asuntos fóra da orde do día.
- 02:17:45 : 12. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago
a provedores correspondente ó mes de decembro de 2025 (Exptes.
2026002672-2026001293).
- 02:17:57 : 13. Dar conta do informe de Intervención sobre o cumprimento
durante o 4º trimestre de 2025 dos prazos de pago de obrigas en
relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que
se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións
comerciais. (Exptes. 2026002674-2026001339).
- 02:18:18 : 14. Dar conta das Resolucións Presidenciais.
- 02:18:27 : 15. Rogos e preguntas.
02:18:37 - Iglesias Mougán, Javier



02:19:05 - López Diéguez, Luis
02:19:13 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:19:25 - López Diéguez, Luis
02:19:37 - López Diéguez, Luis
02:20:09 - López Diéguez, Luis
02:20:13 - Iglesias González, Ana Laura
02:20:28 - López Diéguez, Luis
02:21:09 - Iglesias González, Ana Laura
02:21:16 - López Diéguez, Luis
02:21:21 - Iglesias González, Ana Laura
02:21:39 - López Diéguez, Luis
02:24:19 : [FIN]

-- O --

